

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de xullo 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.00 horas do día 23 de xullo de 2020, reúnese a comisión informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte

acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 18 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE DENUNCIA DA EMIGRACIÓN Á QUE SE ESTÁ VENDO OBRIGADA A POBOACIÓN GALEGA.-

O voceiro do BNG expón polo miúdo o contido da moción, procedendo a dar lectura ás propostas de acordo da mesma.

D.^a Monteserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, indica que se ben pode estar de acordo con determinados aspectos da moción presentada, manifesta a súa reserva de voto para o pleno para unha reflexión e estudo máis profundo dela.

D. Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, indica que lle gusta moito o inicio da moción e as referencias á grande poetisa galega Rosalía de Castro recollida no seu poema *Para a Habana*. Porén do anterior entende que determinadas cuestións da moción lle parecen esaxerados e que a perda de poboación debe ser tamén obxecto de análise en termos non só de necesidade de traballo, senón que en ocasións se trata de decisións persoais e proxectos vitais. Por último indica que determinadas propostas da moción lle parecen excesivamente xenéricas.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do PS de G-PSOE, indica compartir moitos dos aspectos da moción, se ben entende que esta debería relacionar a perda de poboación da comunidade e da provincia non só coa emigración senón tamén co grave problema da baixa natalidade. Aproveita para lembrar o acordo adoptado polo pleno de creación dun grupo de traballo para analizar este tipo de problemáticas, instando ao grupo de goberno á súa posta en marcha.

A **presidenta da comisión** manifesta a reserva de voto deste grupo para o pleno.

Na segunda quenda **don Bernardo Varela López, portavoz do BNG**, engade que os datos que figuran da moción son do Instituto Galego de Estatística e que o problema da emigración se ve máis agravado se cabe pola idade das persoas afectadas, a maioría deles con estudos cursados en Galicia e que para atopar un emprego de calidade deben marchar a outros puntos do Estado ou do mundo. Neste punto manifesta tamén a súa preocupación polo feito de

que non se puido realizar neste mes de xullo a primeira sesión da recentemente constituída comisión Ourense futuro porque ningún representante da sociedade civil solicitou participar, agardando que sexa polas datas do verán, e indicando que de non ser así sería moi preocupante porque significaría que non ven a esta institución como parte da solución ao problema.

D. Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, volve insistir en que nun mundo globalizado como o actual o “drama” da emigración debe tratarse dende outra perspectiva e non dun xeito tan xenérico, manifestando novamente a súa reserva de voto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do deputado do BNG e abstención dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Democracia Ourensana e Ciudadanos, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Dirixirse ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Galicia a constituír no seu seo un relatorio sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao pobo galego.
- Deber ser eixos destas políticas:
 - . A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galicia.
 - . A creación de emprego digno e de calidade.
 - . O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
 - . O compromiso desde o goberno provincial con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galicia, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do PS de G-PSOE, pregunta si continua en marcha o servizo de teleasistencia móbil coa liña 900 posto en marcha pola Deputación durante a vixencia do estado de alarma decretado como consecuencia da pandemia do COVID-19.

A **presidenta da comisión** indica que este sistema foi preciso pola imposibilidade de acudir e acceder a domicilios, e que se amosou como unha boa solución, e actualmente segue a funcionar. Engade que as solicitudes autorizadas durante o estado de alarma están sendo completadas en canto á documentación administrativa nestas datas e que actualmente está en fase de licitación o contrato do servizo de teleasistencia desta Deputación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do PS de G-PSOE, pregunta cales son os requisitos e condicións para que o comercio local poida acceder á plataforma *Eprox* da Federación do Comercio na que colabora esta Deputación.

A **presidenta da comisión** indica que por carecer neste intre de información precisa, responderá por escrito.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, solicita información sobre os gastos acometidos con cargo á partida de 400.000,00 € introducida na derradeira modificación de crédito para material de loita contra o COVID-19.

A **presidenta da comisión** indica que por carecer neste intre de información precisa, responderá por escrito.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.